





QUEGUAS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 6,5 km
Dificultade: media
Duración: 3 h



Cortes da Carballeira e Ermida da Ascensión


Unha ruta pola serra de Queguas, dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, que discorre por zonas de montaña para gozar de espectaculares paisaxes do espazo natural galego e portugués. Ademais das vistas podemos descubrir a rica flora e fauna da zona e restos arqueolóxicos (dolme Casiña da Moura) e etnográficos (cortes ou cabanas de pastores).

COMO CHEGAR

Hai que achegarse a Queguas e alí deixar o vehículo. Crúzase a aldea e séguese por un camiño empedrado que ascende ata chegar ás Cortes da Carballeira onde se atopa a ermida da Ascensión rodeada de antigas cortes onde pasaban o verán os pastores. Desde a parte máis alta séguese un camiño indicado cara á esquerda e ascéndese ata os cumes da serra onde se atopa o dolme Casiña da Moura. Vólvese dando un rodeo polos cumes ata o camiño por onde se comezou a ruta.



Exemplar de cerquíño monumental



Pena de Anamán no linde con Portugal



Dolme Casiña da Moura